



# BOLETÍN FITOSANITARIO DE AVISOS E INFORMACIÓNS

14 de abril de 2008

Nº 1/08

## METEOROLOXÍA

Temperaturas medias máximas lixeiramente á baixa a medida que avanza a semana. As medias das mínimas manteranse estables. As precipitacións serán escasas ou nulas durante Luns e Martes. O Mércores cambiará a situación, incrementándose considerablemente a nubosidade, o que elevará a probabilidade de choivas ata o 60 %. Os ventos serán de compoñente ENE ou E durante Luns e Martes, e irán rolando a S e SSW a partires do Mércores, incrementando a súa forza co cambio.

## VIÑEDO

### D. O. Rías Baixas

#### **Estado fenolóxico medio**

**B-E** (Xema inchada a follas extendidas, segundo a variedade e comarca vitícola)

A variedade albariño en Rías Baixas é a máis adiantada. Neste momento a brotación está a ser uniforme.

#### **Coidados culturais**

A elevada humidade do solo da lugar a un forte crecemento de herbas que dificulta a aireación e ventilación do estrato inferior da parte aérea do viñedo. Debe evitarse a acumulación de malas herbas e o seu crecemento ao redor das cepas, preferiblemente con sega.

#### **Incidencias fitopatolóxicas máis destacadas**

##### **Mildeu** (*Plasmopora viticola*)

Prodúxose a 1ª primeira mancha de aceite (infección 1ª) o día 09/04/2008 na comarca do Salnés.

##### **Ácaros**

Debido ao tempo chuvioso pouco propicio para o seu desenvolvemento, a penas obsérvase a súa presenza.



segue D. O. Rías Baixas

### **Recomendacións da semana**

**Os viñedos que non trataron nestes últimos días e teñen gomos de 10 cm ou máis, deberán realizar o primeiro tratamento** para o control de Mildeo. Neste momento, ao ser tamén un período sensible para a contaminación por Excoriose (*Phomopsis viticola*), é convínte empregar fungicidas a base de Folpet, Mancozeb ou Metiram en viñedos con brotación.

Son datos ofrecidos polo Servizo Técnico Agrario de Pontevedra